

A AGADIC INICIA O PROGRAMA “ST MÚSICA PRESENTE” PARA A PROMOCIÓN DOS TRABALLOS DISCOGRÁFICOS DOS ARTISTAS GALEGOS

ENTRE MARZO E ABRIL TERÁ LUGAR UN PRIMEIRO CICLO DE 6 CONCERTOS A CARGO DE LINHO DO CUÇO, ANXO LORENZO, EMILIO RÚA, ÁLVARO VIEITO CUARTETO, OPHIUSA E BELLÓN MACEIRAS QUINTETO

A CELEBRACIÓN DE TODOS OS RECITAIS NO SALÓN TEATRO DE SANTIAGO SERÁ O DENOMINADOR COMÚN QUE GARANTA AS CONDICIÓNES ESCÉNICAS ÓPTIMAS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) inaugura o vindeiro 18 de marzo cun concerto do grupo Linho do Cuco o programa *ST Música Presente*, dedicado á promoción especial dos traballos discográficos das formacións e solistas galegos de todos os estilos musicais. O ciclo terá como denominador común o seu desenvolvemento no Salón Teatro de Santiago de Compostela, espazo que se proporcionará para a actuación dos artistas nas mellores condicións escénicas e técnicas e, preferentemente, diante de público experto. Anxo Lorenzo, Emilio Rúa, Álvaro Vieito Cuarteto, Ophiusa e Bellón Maceiras Quinteto completarán até finais de abril esta primeira entrega de recitais.

SUMARIO

- [1-6] AGADIC
 - [4] > Centro Coreográfico Galego
 - [5-6] > Centro Dramático Galego
 - [6] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [7] ALERTA!
- [8-9] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

EN PORTADA

A AGADIC INICIA O PROGRAMA "ST MÚSICA PRESENTE" PARA A PROMOCIÓN DOS TRABALLOS DISCOGRÁFICOS DOS ARTISTAS GALEGOS

A vontade da AGADIC é poder dar cabida a todos os concertos de artistas galegos que se soliciten dentro deste formato

.....
vén da páx. anterior

A iniciativa, deseñada e promovida pola AGADIC en colaboración con AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais) e Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas), pretende contribuír á difusión da música galega desde unha perspectiva de promoción comercial, xa que os principais destinatarios dos concertos de *ST Música Presente* serán programadores culturais, promotores de festivais e certames de música, distribuidores, prensa especializada e demais axentes culturais, tanto galegos como de fóra de Galicia.

A vontade da AGADIC é poder dar cabida a todos os concertos de artistas galegos que se soliciten dentro deste formato, de tal xeito que as propostas deberán estar sempre enfocadas á presentación de novos traballos discográficos ou á organización de eventos musicais extraordinarios (ben por unha especial combinación de artistas ou por un repertorio específico), pero nunca como parte dunha xira convencional.



Linho do Cuco

ST Música Presente iníciase cun primeiro ciclo de 6 concertos promovidos polas empresas Nonsí, Zouma, Falca-truada, Nalgures Producións e Abada. A primeira das citas será a do grupo Linho do Cuco o 18 de marzo, á que seguirán as actuacións do gaiteiro Anxo Lorenzo o 24 de marzo e de Emilio Rúa o 26 de marzo. Xa en abril, tocarán Álvaro Vieito Cuarteto (día 20), o colectivo Ophiusa (día 27) e Bellón Maceiras Quinteto (día 30). Deste xeito, a música popular, a canción de autor, o jazz, o folk tradicional e o folk fusión protagonizarán esta primeira tanda de recitais deste novo programa, que terá ulteriores edicións despois do verán e virá a enriquecer aínda máis a programación do Salón Teatro.

LINHO DO CUCO

Música popular

O grupo naceu en forma de cuarteto de pasarrúas, até converterse no que é a formación actual: unha sorte de "murga" tradicional, á que engaden sonoridades coma as da zanfona ou o acordeón diatónico.

Nos seus comezos o grupo tiña como obxectivo recoller e recuperar a música tradicional das terras de Tabeirós e de Montes. Co paso do tempo mantívose unicamente o grupo de gaitas, que se foi enriquecendo con outros instrumentos ata formar unha especie de murga ou orquestina, como as que se podían escoitar en Galicia a comezos do século pasado. A grandiosidade da mestura deste Linho do Cuco radica na forza da acertada combinación de timbres sonoros (tuba, clarinete, acordeón diatónico...), co cal é practicamente imposible que o público non mova os pés.

ANXO LORENZO

Folk

Na súa ampla experiencia como gaiteiro, Anxo Lorenzo ten colaborado en numerosos proxectos musicais fusionando os sons tradicionais da gaita cunha gran variedade de estilos, da música electrónica ao jazz, pasando polo pop, rock ou flamenco. Agora, Anxo presenta o seu primeiro traballo en solitario: "Tirán", inspirado nun longo percorrido musical que o levou a coñecer milleiros de lugares e melodías para compartir con músicos de diferentes nacións. Unha viaxe que sempre comeza e remata en Galicia.

En "Tirán", volve poñendo a proba os límites da gaita e os propios para facernos crer que todo é posible na música. Acompañado da súa banda, formada por Xosé Liz (bouzouki), Milla (percusións), Begoña Riobó (violín), Álvaro Iglesias (contrabaixo) e o violonista irlandés Eoghan Neff, amósanos once temas que camiñan entre a composición e a tradición, entre as Rías Baixas e o mar de Irlanda.



Anxo Lorenzo



Emilio Rúa

EMILIO RÚA

Canción de autor

Comezou a cantar sendo aínda un cativo na agrupación familiar, Concorde Atenea, que fundara o seu pai en Vendas da Barreira (Ourense), localidade de onde é orixinaria toda a súa familia. Guitarra en man comeza a compoñer e a presentarse nalgún que outro concurso. Tras un dos seus recitais se lle ofrece a oportunidade de gravar un primeiro CD, publicado en 2000, e seis anos despois grava o seu segundo traballo discográfico, coa produción artística de Uxía Senlle e que supuxo para Emilio Rúa un antes e un despois na súa carreira artística.

A tonalidade das súas cancións deambula entre os sons pop e a música tradicional pero cunha personalidade nova e diferente. A súa música persegue a intimidade e a tenrura sen abandonar as reivindicacións sociais e individuais máis acuciantes, como son a soedade, o desamor ou o fin da violencia.

Emilio Rúa ten tras del unha interesante e froitífera carreira que o levou a distintos concursos e xiras, algunhas incursións en Inglaterra, actuacións compartidas con Ismael Serrano ou Pedro Guerra e varios galardóns: 5ª *Muestra Nacional de Canción de Autor de Ceutí* (Murcia) ou o certame de *Jóvenes Cantautores de Elche* (Alacante).

ÁLVARO VIEITO CUARTETO

Jazz

“Introducing”, o primeiro disco do guitarrista pontevedrés Álvaro Vieito, inaugura ademais unha nova colección discográfica de Falcatrada que, baixo o título Azos e a dirección artística de Abe Rábade, especialízase nas novas propostas do jazz galego. Para este debú discográfico, Álvaro Vieito opta por unha formación de cuarteto cun marcado carácter internacional na que, xunto co tamén galego Max Gómez á batería, o acompañan o xaponés Masahiro Yamamoto (saxos alto e soprano) e o estadounidense Ross Gallagher (contrabaixo).

Formado en Compostela e en Nova York con mestres como Vic Juris, Lage Lund, Jonathan Kreisberg, Rory Stuart, Marcelino Galán e Michel González, entre outros, o guitarrista de Porriño inicia con este disco unha nova aventura artística, dando un importante salto na súa traxectoria profesional como músico en diferentes formacións: entre elas, Álvaro Vieito Trío, Álvaro Vieito & Diego Pérez, Hira-Joshi, S.E.M. Big Band e Xerpo, ademais do seu cuarteto.



Ophiusa

OPHIUSA

Folk - Tradicional

Ophiusa nace a mediados de 1986 en Santiago de Compostela e durante case dez anos amosa o seu traballo en diversos escenarios da península. En 1995 a formación decide facer unha paréntese na súa actividade como grupo. Porén,



Álvaro Vieito



Bellón Maceiras Quinteto

a finais de 2005, Ramón Feáns, Paco Nogueiras e Antonio Presedo volven xuntarse de novo con vistas a facer unha sinxela posta en común das súas respectivas traxectorias musicais. Como resultado da devandita toma de contacto, e coa colaboración de Paulo Gacio, Dani Riveiro e Antón Bello, ve a luz “Paos”, o seu primeiro disco. Trátase dun traballo no que se poden percibir as esenciais do que é galego de seu, pero no que tamén se recoñecen aromas de *swing*, de *reggae*, de *bluegrass*, todas elas músicas populares, músicas do pobo. Ophiusa é, xa que logo, un espello onde se mira a cultura popular do pobo, dos barrios, onde realmente se debulla a vida coma unha mazaroca de millo.

BELLÓN MACEIRAS QUINTETO

Folk fusión

Do exitoso dúo Bellón Maceiras chegou en 2008 unha nova proposta musical, unha volta de folia do seu traballo

discográfico, “Unión das Terras”. Nesta andaina o dúo composto por Daniel Bellón e Diego Maceiras, refórzase co acompañamento de novos timbres de instrumentos como o contrabaixo, guitarra, batería ou saxo. Os músicos que os acompañan son Miguel Lamas, Cabe e Juan Tinaquero.

Nesta nova aventura, sen perder a esencia galega, son capaces de trasladarnos nunha viaxe musical por distintas terras do mundo, como Arxentina, Portugal, Bretaña, Oriente Medio, países do Leste, Rusia, Euskadi... e por suposto Galicia, afondando nas súas melodías e caracterizándoas, como fixeron sempre os emigrantes galegos, ao xeito e facer galego. Así, ademais de amosarnos dende un punto de vista único estas culturas, tamén poderemos ver melodías da súa propia composición que mesturan a tradición xunto cos cortes máis contemporáneos da música galega.

DIFUSIÓN

A AGADIC PARTICIPA NO PROXECTO GALÉS “IMPACT” PARA A DIFUSIÓN CONXUNTA DE MÚSICA E TURISMO

A AGADIC participa o próximo 10 de marzo en Cardiff (Gales) na reunión constitutiva do proxecto IMPACT (Indigenous Music Promotion Advancing Cultural Tourism), polo que a entidade galega quedará asociada a este grupo de traballo europeo que defende a promoción da música de raíz conxuntamente á do turismo de cada área xeográfica.

A iniciativa do WAI (Wales Arts International), un organismo participado polo British Council, o proxecto ábrese a outras rexións europeas da beira atlántica para a identificación e desenvolvemento de obxectivos comúns que sirvan para incrementar a presenza e a competitividade locais dentro do mercado internacional.

O director da AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, sumará a achega galega aos fins compartidos de estimular economicamente a música á vez que se xera crecemento turístico mediante a posta en común de estruturas, ferramentas e contactos para o intercambio de sinerxías entre a industria turística e a cultural.

A partir da prioridade de promover cadeas de traballo transnacionais, emprendedoras e innovadoras, IMPACT avoga por unha actividade en colaboración coas empresas e os colectivos artísticos, centrada en áreas como o marketing ou o *management* e que se traduza en acción concretas, tales como o deseño dun circuíto internacional específico de eventos, a utilización de técnicas de xeración de demanda ou a posta en funcionamento dun portal web interactivo.

+ info en www.wai.org.uk

FORMACIÓN

A AGADIC PATROCINA TRES CICLOS DA ESAD SOBRE HISTORIA DO TEATRO E CREACIÓN DRAMÁTICA EN GALEGO

A AGADIC colabora coa Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia na organización do programa Ciclos ESAD 2010, no que se celebrarán tres encontros centrados na historia do teatro en Galicia e na creación dramática en galego: Memorias do Teatro (do 3 de marzo ao 12 de maio), Dramaturxias.con (do 16 de marzo ao 26 de maio) e Curso de Literatura Dramática Galega (do 16 de marzo ao 25 de maio). As tres iniciativas, dirixidas tanto aos alumnos do centro como a todas as persoas interesadas nestas materias, desenvolveranse na Sala Pedra Seixa da nova sede da ESAD en Vigo.

O ciclo Memorias do Teatro abre esta programación o 3 de marzo cun relatorio a cargo do actor Antonio Durán "Morris", ao que seguirán as conferencias da actriz, directora e dramaturga Dorotea Bárcena (24 de marzo), do actor, iluminador e director Xúlío Lago (14 de abril) e do dramaturgo, narrador oral e director Cándido Pazó (12 de maio). Con esta serie de intervencións, que en todos os casos darán comezo ás 16.30 h, a ESAD quere recuperar a historia



Antonio Durán "Morris" (segundo pola esquerda) en *Woyzeck*, primeira montaxe do CDG

recente e pasada do teatro galego dando a palabra aos seus auténticos protagonistas nos diferentes ámbitos profesionais implicados.

Dramaturxia contemporánea

O ciclo Dramaturxias.con articúlase como un marco de encontro, comentario, análise e reflexión sobre as tendencias contemporáneas no eido da escrita dramática, coa intención de promover o debate e a interacción cos propios dramaturgos. A escritora, tradutora e ensaísta María Xosé Queizán inaugurará este segundo encontro da ESAD o vindeiro 16 de marzo ás 16.30 h. No mesmo horario terán lugar as outras dúas citas de Dramaturxias.con: o 28 de abril co dramaturgo, actor e director teatral Gustavo

Pernas Cora e o 26 de maio co tamén dramaturgo, ademais de guionista e actor de dobraxe, Raúl Dans.

Os Ciclos ESAD 2010 inclúen, así mesmo, o Curso de Literatura Dramática Galega que o director da Escola Superior de Arte Dramática, Manuel F. Vieites, impartirá os días 16 e 23 de marzo, 6, 20 e 27 de abril e 4, 11 e 25 de maio entre as 18.30 e as 20.30 horas.

Este terceiro encontro ofrecerá unha visión panorámica da creación dramática realizada en galego dende finais do século XIX até os nosos días. A partir do comentario e análise de textos dramáticos, buscaranse asemade liñas de investigación e traballo para os creadores escénicos.

+ info en www.esadgalicia.com

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

MERCEDES SUÁREZ DIRIXIRÁ O ESPECTÁCULO "ETHERIA" PARA O CENTRO COREOGRÁFICO

A coreógrafa coruñesa Mercedes Suárez Rodríguez, fundadora da compañía Druída Danza, dirixirá o próximo espectáculo do Centro Coreográfico Galego (CCG) a petición da dirección da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A nova produción, que levará por título *Etheria*. *A viaxe soñada*, contará con 12 bailaríns e bailarinas que serán escollidos durante este mes mediante un proceso público.

O novo espectáculo evocará por medio da danza, a música e a imaxe o periplo da protagonista, unha relixiosa galega no século IV, na súa peregrinación de retorno desde Xerusalén até Compostela. O proxecto presentado por Mercedes Suárez foi elixido entre varias propostas achegadas para o mesmo fin, que foran solicitadas pola AGADIC a distintos creadores galegos para levar a cabo a dirección artística da que será a cuarta produción do CCG, despois de *Vacuo*, de Maruxa Salas; *Kiosco das almas perdidas*, de Roberto Oliván; e *Giseliña*, de Cisco Aznar.

Ademais, Suárez participará activamente na selección dos 12 bailaríns e bailarinas que interpretarán esta produción, para o que se abrirá un procedemento de tres fases: unha primeira de achega de historiais e méritos dos aspirantes até o 13 de marzo; unha segunda de audición pública unicamente aos pre-seleccionados da fase anterior os días 29 e 30 do mesmo mes; e unha terceira, consistente nunha entrevista persoal nesas mesmas datas. Está previsto que os ensaios con todo o elenco se desenvolvan durante un mínimo de dous meses, de modo que o espectáculo poida estrearse diante do público a finais de primavera.

A literatura como inspiración

Mercedes Suárez Rodríguez (Aqualada, Coristanco-A Coruña) é titulada en danza clásica polo Real Conservatorio de Danza de Madrid. Realizou estudos de danza clásica en Madrid, París e Bruxelas con profesores como Víctor Ullate, Carmen Roche, Emilio Altés, Irina Gryvina e Eva Borg. En 1982 funda na Coruña a escola de danza Druída, e máis tarde, a compañía Druída Danza, na que veu desenvolvendo coreografías de achegamento ao sentir popular, afastadas da danza puramente



folclórica, coa literatura universal como fonte frecuente de inspiración e coa aposta pola interdisciplinariedade artística como forma de expresión.

Na actualidade segue a compaxinar o traballo de mestra co de coreógrafa. Así, para Druída Danza creou e dirixiu nos últimos anos os espectáculos coreográficos *Abcdanza*, *O almorzo da nécora* (2008), *Verde transparente* (2006), *20 anos non é nada* (2005), *A redeira* (2004), *O calar do tempo* (2003), *Lúa amarga* (2002), *En espera* (2001) e *Metamorfosis* (2000).

Tamén imparte asiduamente clases de danza como mestra convidada en distintas entidades e deseña coreografías para distintos espectáculos teatrais, óperas, concertos, programas de televisión e eventos.

+info en

www.centrocoreografico.org



© Carolyn Djanogly

O Día Mundial do Teatro creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), organización non gubernamental dependente da UNESCO con sede en París. Celébrase anualmente o 27 de marzo e unha das súas iniciativas é a circulación da Mensaxe Internacional, que este ano asina a actriz británica Judi Dench.

Judi Dench – Mensaxe 2010:

O Día Mundial do Teatro é unha oportunidade para celebrar o teatro en todas as súas múltiples manifestacións. O teatro é fonte de entretemento e inspiración e ten a capacidade de unificar as diversas culturas e pobos que existen no mundo. Pero o teatro vai aínda máis aló e ofrece tamén oportunidades para ensinar e informar.

O teatro represéntase en todo o mundo e non sempre no escenario tradicional dun teatro. As representacións poden ter lugar nunha pequena aldea de África, a carón dunha montaña en Armenia, ou nunha diminuta illa do Pacífico. O único que se precisa é un espazo e un público. O teatro ten a capacidade de facernos rir, de facernos chorar, pero tamén nos debería facer pensar e reflexionar.

O teatro é produto do traballo en equipo. Os actores son a xente que se ve, pero hai un grupo marabilloso de xente que non se ve. Son tan importantes coma os actores, e as súas habilidades, diversas e especializadas, fan posible a produción. Tamén eles deben compartir os triunfos e os éxitos que se poidan acadar.

O 27 de marzo sempre é oficialmente o Día Mundial do Teatro. Por moitos motivos, todos os días se deberían considerar o día do teatro, pois temos a responsabilidade de continuar a tradición de entreter, ensinar e ilustrar o noso público, sen o cal non poderíamos existir.

(Tradución ao galego de Sandra Sanmiguel)

+ info en www.iti-worldwide.org

SEIS FUNCIÓNS TEATRAIS E CINCO CONCERTOS CONFORMAN A CARTELEIRA DE MARZO DO SALÓN TEATRO

Un total de once espectáculos –seis funcións teatrais e cinco concertos– compoñen a programación no Salón Teatro para o presente mes de marzo, propiciando unha carteleira que combina tanto o teatro como a música de produción galega coas propostas dramáticas e musicais non galegas e de moi diversos estilos.

Así, entre o 4 e o 7 de marzo, Teatro do Atlántico representará *O xogo de Yalta*. *Afterplay*, adaptación de tres textos de Antón Chéjov realizada polo autor irlandés Brian Friel coa que a compañía galega conmemora os seus 25 anos de traxectoria profesional. Baixo a dirección de Xulio Lago, Damián Contreras e Victoria Pérez protagonizan a primeira parte da obra inspirada no relato *A dama do canciño*, mentres que no segundo acto, Friel reúne nun humilde café a Sónia Serebriakowa (interpretada por María Barcala) de *Tío Vania* e a Andrei Prozorov (Gonzalo M. Uriarte) de *As tres irmás*.

A compañía catalá Sala Muntaner presentará os días 13 e 14 *Las criadas*, obra do dramaturgo francés Jean Genet que marcou a súa entrada no chamado teatro do absurdo. Seguindo unha indicación do propio autor, na



montaxe de Manel Dueso os tres personaxes femininos son representados por homes: Isaac Alcaide, Oriol Genís e Xavier Pujolràs.

Citas musicais

Así mesmo, como inauguración da nova edición da extensión compostelá do Festival Sinsal, o xoves 11 de marzo o Salón Teatro acollerá o concerto do cuarteto Mono, unha das formacións máis interesantes do panorama independente xaponés. A banda, situada dentro do espectro do post-rock máis instrumental e narrativo, estará acompañada por Joe McPhee & Chris Corsano como artistas convidados. Saxofonista e percusionista respectiva-

mente, estes dous músicos asinan unha das colaboracións máis aplaudidas do free-jazz contemporáneo.

Esta será a primeira das citas dunha carteleira que tamén presenta os tres primeiros concertos do novo programa ST Música Presente, dentro do que se ofrecerán os traballos dos grupos galegos Linho do Cuco (18 de marzo), Anxo Lorenzo (24 de marzo) e Emilio Rúa (26 de marzo). Ademais, o 27 de marzo terá lugar a actuación de Casa de Fados, formación portuguesa creada especialmente para a película *Fados* de Carlos Saura, e que se consolidou despois como unha das máis relevantes no seu xénero.

+ info en www.centrodrumatico.org

MANUEL LOURENZO E BALTASAR PATIÑO, NOMINADOS AOS MARÍA CASARES POR "AS DUNAS"

Os traballos de Manuel Lourenzo como autor de texto orixinal e de Baltasar Patiño como deseñador de iluminación no espectáculo do CDG *As Dunas* obtiveron senllas nominacións para optar, xunto a outras candidaturas, aos Premios María Casares 2010 que organiza anualmente a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). Estes galardóns, que serán entregados o vindeiro 24 de marzo nunha gala que se celebrará no Teatro Rosalía Castro da Coruña, recoñecen o labor máis destacado na escena galega durante o pasado ano 2009 nas distintas categorías de creación e interpretación.

Dirixida por Quico Cadaval, *As Dunas* foi a última produción da compañía pública para a pasada temporada teatral 2008-2009, realizada a resultas do texto escrito por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente do CDG. Foi estreada o 6 de marzo de 2009 no Salón Teatro de Santiago de Compostela e distribuíuse até xuño dese ano en Galicia e Portugal.



Cunha elevada compoñente onírica, a obra trata a especulación urbanística, os impactos ecolóxicos, os atentados á paisaxe e a falla de respecto á natureza mediante unha acción que transcorre nunha nave industrial abandonada. Alí, 10 personaxes integran unha "tropa estafalaria" de artistas que ensaian un número musical para a inauguración dun *spa* sobre o que pende unha ameaza de derrubamento.

+ info en www.aaag.org

COMEZA A EMISIÓN POLA RADIO GALEGA DOS TEXTOS FINALISTAS DO PREMIO "DIARIO CULTURAL"

A dramatización dirixida por Ánxeles Cuña e interpretada por Tito Asorey, Nate Borrajo, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto sobre as tres obras finalistas do IV Premio Diario Cultural

de Teatro Radiofónico poderán ser escoitadas polos oíntes da Radio Galega a partir do 8 de marzo, data na que comezan a ser emitidas en todos os programas da cadea pública.

Os textos dramatizados corresponden coas obras presentadas baixo os lemas *O vento da illa*, *Nunca me esqueceré de ti* e *Indoor*, que foron seleccionadas este ano como finalistas do premio organizado polo programa Diario Cultural da Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da AGADIC.

O 24 de marzo daranse a coñecer o Premio do Xurado e o Premio da Audiencia, cada un deles dotado con 3.000 euros. Tamén está previsto un acto de entrega público, no que os actores e actrices interpretarán en directo as dramatizacións, e que nesta ocasión terá lugar a mediados de abril no Teatro Principal de Ourense.

O Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación desde unha perspectiva contemporánea do xénero de teatro radiofónico. Único das súas características na Comunidade autónoma e pioneiro no Estado, o premio leva o mesmo título que o programa da Radio Galega decano da información cultural en Galicia.

+info en www.crtvg.org

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]



TODA A ACTIVIDADE DA ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS REFLECTIRASE NA NOVA WEB WWW.EAEM.ES

A Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (EAEM) dispón dunha nova web específica no dominio www.eaem.es, desde a que emitirá toda a información sobre as súas actividades lectivas e facilitará a tramitación *on line* de inscricións aos propios alumnos e demais usuarios.

A páxina presenta un actualizado apartado de novas, onde se relacionan todos os cursos, encontros e convocatorias que se desenvolvan no momento ou estean máis próximos a celebrar, tales como as clases maxistras de violín a cargo de Mariana Todovora, as de clarinete por Eric Hoeprich, o curso de fagot impartido por Gabor Meszaros, ou o de trompa por Eric Terwilliger.

Tamén aparece todo tipo de información xeral da Escola, da composición do seu organigrama (cos historiais dos seus responsables) e da súa sede en Santiago de Compostela, así como descrições e funcións das dúas seccións pedagóxicas sobre as que se artella: a de especialización e a de formación permanente.

Unha das súas principais finalidades será, ademais, funcionar como ferramenta para facilitar as preinscricións dos interesados/as nos cursos e clases maxistras que se ofrecen, así como a descarga de solicitudes previas para a formalización das matrículas para o seguinte curso lectivo 2010-11.

Está previsto que nos próximos meses a web www.eaem.es ofrezca novos servizos como galerías de fotos dos concertos de alumnos e demais materiais de promoción da Escola.

NOIA, MONFORTE E SANTIAGO ACOLLEN OS CONCERTOS DO II ENCONTRO DE PRÁCTICA ORQUESTRAL

O Teatro Coliseo Noela de Noia, o Edificio Multiúsos de Monforte de Lemos e o Auditorio da EAEM en Santiago acollerán os días 11, 12 e 13 de marzo, respectivamente, os tres concertos de alumnos que se realizarán como colofón ao segundo encontro de práctica orquestral desenvolvido nas últimas semanas como parte do programa lectivo da Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais.

Baixo a dirección de Maximino Zumalave, a orquestra de alumnos interpretará o mesmo programa nos tres escenarios: unha primeira parte na que se executará a *Sinfonía nº40* de Mozart e unha segunda adicada á interpretación da composición *Kinder-Totenlieder* de Gustav Mahler.

As dúas primeiras citas serán ás 20:30 horas, en tanto que o concerto en Compostela dará comezo ás 21:00 h. Os tres recitais son de entrada gratuíta para o público.

+ info en www.eaem.es

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Selección de bailaríns/inas para a nova produción do CCG	As probas de selección do corpo de baile para o próximo espectáculo do Centro Coreográfico Galego – <i>Etheria</i> . A <i>viaxe soñada</i> , dirixido por Mercedes Suárez– celebraranse os días 29 e 30 de marzo na sede do CCG na Coruña, de 10.00 a 14.00 h e de 15.30 a 20.00 h. As audicións constarán de tres fases: 1. Clase de danza clásica dunha hora e media de duración (eliminatória). 2. Desenvolvemento individual dunha variación clásica ou contemporánea, así como dunha improvisación, nun tempo máximo de cinco minutos. 3. Entrevista persoal.	12 prazos de bailaríns e bailarinas. A documentación especificada nas bases da convocatoria debe remitirse en prazo ao correo electrónico actividades.ccg@xunta.es ou presentarse no rexistro xeral da AGADIC. As bases poden consultarse en www.agadic.info e www.centrocoreografico.org	13 de marzo
RGMV-Outonalidades: inscrición de grupos	Os grupos interesados en formar parte da programación deste circuito portugués, que se desenvolverá no último trimestre de 2010, deben formular a súa inscrición en: http://www.dorfeu.pt/outonalidades	Grupos de música galegos. Máis información sobre as condicións de participación e o proceso de selección no apartado de convocatorias da web www.agadic.info	20 de marzo
Inscrición de espectáculos na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas	A inscrición de espectáculos para configurar o segundo período de programación da RGTA e RGS en 2010 (setembro-décembro) realízase a través da web www.gallescena.info .	Compañías escénicas de carácter profesional. Máis información no apartado de convocatorias da web www.agadic.info	22 de marzo
XIV Premio de Teatro “Rafael Dieste” da Deputación da Coruña	A Deputación da Coruña convoca este galardón coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro. O premio está dotado con 6.500 € e contempla, así mesmo, a publicación da obra.	Todos os autores/as de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, que estean escritas en lingua galega. Os orixinais deben remitirse á Deputación da Coruña na forma especificada nas bases, que poden consultarse en: http://www.dicoruna.es/cultura/premios/	15 de abril
VIII Premio de Composición Musical “Andrés Gaos” da Deputación da Coruña	Coa convocatoria deste premio, a Deputación coruñesa quere recoñecer o nome deste gran compositor e acrecentar a tradición musical da provincia. A súa dotación é de 6.500 €, reservándose a institución provincial durante dous anos os dereitos para producir e estrear a obra premiada.	Compositores/as de calquera nacionalidade. As obras, de tema e extensión libres, deben ser inéditas e non premiadas con anterioridades. Nas bases especificase, ademais, a composición orquestral máxima para a súa execución, así como a forma e o enderezo de recepción. Máis información: http://www.dicoruna.es/cultura/premios/	30 de abril
Axudas do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA) 2010	Realización de obras audiovisuais con emprego de novas tecnoloxías / Producción de series de animación sobre proxecto / Desenvolvemento de proxecto de películas cinematográficas de longametraxe / Amortización de longametraxes / Producción de curtametraxes / Axudas a curtametraxes realizadas / Producción de longametraxes sobre proxecto / Producción de películas e documentais para televisión sobre proxecto / Organización e desenvolvemento en España de festivais e certames de cinematografía e artes audiovisuais / Participación de películas españolas en festivais durante 2010 / Distribución de películas de longametraxe e conxuntos de curtametraxes españois, comunitarios e iberoamericanos.	As bases de cada unha das convocatorias están dispoñibles para a súa descarga na web do Ministerio de Cultura: http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html	Varias datas límite a partir do 10 de marzo

Outras convocatorias de interese:

■ Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
■ Academia Galega do Audiovisual: www.academiagallegadoaudiovisual.com

■ Redescena: www.redescena.net
■ Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

*Producións con distribución pechada **

Noite de Reis

A boa persoa de Sezuán

As Dunas

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

*Producións con distribución pechada **

Giseliña

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>Noite de Reis</i>	18	203,83	1.049,72 €
Varuma Teatro	<i>Malgama</i>	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	<i>Contigo</i>	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	<i>As vingadoras</i>	2	193,00	302,50 €
Ieto	<i>Ieto</i>	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Pram	Festival Sinsal	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	<i>Eco</i>	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	<i>Kvetch</i>	10	81,30	417,10 €
Compañía Salva Sanchis	<i>Objects in mirror are closer than they appear</i>	2	34,00	167,50 €
Larsen + Little Annie	Festival Sinsal	1	91,00	534,00 €
C93	Festival Sinsal	2	132,50	2.219,00 €
Teatro Oficina + CDG	<i>Delimvois</i>	2	50,00	30,00 €
Orquestra O.M.E.G.A.	Festival Vibracional	1	120,00	450,00 €
Cía. Quique Peón	<i>Ovay</i>	2	225,00	502,50 €
Nut Teatro	<i>Wake Up</i>	4	80,25	285,00 €
Abrapalabra	<i>A piragua</i>	4	155,75	828,00 €
Ao Cabo Teatro	<i>Jardim Zoológico de Cristal</i>	2	92,00	447,50 €
Cía. Marta Carrasco	<i>Dies Irae. En el Réquiem de Mozart</i>	2	159,00	903,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarád Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	93	12.980	54,05%	64.161,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

** Desglose en anteriores números de e_scena*

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Banda da Alcaíata con Iván e Josito	1	56,00	140,00 €
A Xanela do Maxín	4	142,00	280,19 €
Abada Teatro	3	282,67	1.006,67 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	5	139,40	687,95 €
Arela das Artes	7	80,86	302,86 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	11	221,36	414,86 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	3	195,33	265,17 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	32,00	0,00 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cía. Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Clara Panas	1	172,00	410,00 €
Cobosmika Company	1	154,00	357,50 €
Compañía do Trinke Trinke	6	112,50	207,75 €
D2	4	121,75	545,00 €
Dani García	4	125,75	252,13 €
Disque Danza	1	22,00	20,00 €
Dúo Décima-Cerviño (Piano a Catro Mans)	1	113,00	386,00 €
Elefante Elegante Teatro	12	203,00	398,15 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	6	161,33	655,17 €
Expresións Produccións	3	90,67	244,83 €
Fulano, Mengano e Citano	6	73,83	304,38 €
Galitoon	17	205,53	450,24 €
Gelabert Azzopardi Companyia de Dansa	1	64,00	59,00 €
Ghazafelhos	11	95,36	195,23 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	60,67	120,92 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
Julia Cea e Grupo	1	80,00	180,00 €
La Tirita de Teatro	5	71,40	141,00 €
Lagarta Lagarta	23	163,35	623,04 €
Lambríaca Teatro	8	114,00	285,31 €
Los Ulen	3	215,67	1.442,33 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	11	99,09	309,98 €
Maquinaria Pesada	4	65,00	237,63 €
Marco González Tango Argentino	1	185,00	596,00 €
Martín Camiña	5	98,60	213,80 €
Matarile Teatro	6	100,67	456,33 €
Miroscopio Perdicións	12	67,17	170,54 €
Mondello Quartet	1	36,00	0,00 €
Nats Nus Dansa	1	93,00	215,00 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
Nova Poesía	1	86,00	205,00 €
O Mago Teto	3	229,33	994,67 €
O Retrete de Dorian Gray	1	101,00	212,50 €
Orquestra Vigo 430	3	98,67	221,67 €
Os Monicreques de Kukas	15	153,80	309,80 €
Os Quinquilláns	6	299,00	393,67 €
Pinga Teatro	4	121,00	185,94 €
Pisando Ovos	5	121,40	275,60 €
Pistacatro Productora de Sonos	12	173,17	515,40 €
Produccións Acontrabutaca	2	114,00	292,75 €
Producións Teatráis Excéntricas	9	191,56	916,31 €
Quique Peon, Cía.	3	224,00	1.081,33 €
Redrum Teatro	6	132,17	681,67 €
Román García	5	166,40	344,00 €
Ron Lalá	1	338,00	1.879,00 €
San&san	9	85,11	250,69 €

Sapristi	1	24,00	48,00 €
Sarabela Teatro	19	184,53	528,79 €
Symbiosis Producións S.C.	5	81,80	142,30 €
Talía Teatro	28	137,75	349,38 €
Teatro de Ningures	14	82,29	277,34 €
Teatro del Andamio	16	86,63	217,73 €
Teatro do Atlántico	13	152,46	628,11 €
Teatro do Morcego	22	182,55	899,81 €
Teatro do Noroeste	16	207,50	925,53 €
Teatro Ensalle	5	45,60	209,40 €
Teatro Galileo	10	150,70	484,10 €
Teatro Nu	4	113,25	254,63 €
Íteres Tropicallo	8	162,75	413,06 €
Títzina Teatre	2	78,50	438,50 €
Uroc Teatro	6	123,33	585,67 €
Volta e Dálle Teatro	2	103,50	302,50 €
Yllana	4	220,75	1.472,50 €
[in]constantes Teatro	6	194,83	1.438,58 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	64	180,56	980,55 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	9	283,22	731,64 €
A Estrada	13	75,54	344,46 €
Ames	24	76,92	162,89 €
Arteixo	9	118,11	280,89 €
As Pontes de García Rodríguez	8	170,13	408,66 €
Betanzos	6	106,33	330,67 €
Boiro	8	127,75	284,69 €
Burela	14	245,36	645,89 €
Cambados	8	169,38	254,06 €
Cangas de Morrazo	22	153	446,27 €
Carballo	18	150,72	533,58 €
Cedeira	12	85,83	174,17 €
Cee	17	97,12	162,12 €
Culleredo	8	60,25	138,00 €
Ferrol	26	96,96	376,42 €
Foz	24	117,96	266,29 €
Gondomar	4	97,25	314,13 €
Lalín	7	79,57	215,29 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	11	141,73	343,64 €
Muros	16	85,44	163,22 €
Narón	42	196,29	766,12 €
Noia	6	111,33	318,83 €
O Barco de Valdeorras	14	102,14	396,71 €
O Carballiño	12	89,75	256,33 €
Oleiros	8	207,75	738,63 €
Ortigueira	7	38,86	104,21 €
Ourense. Teatro Principal	15	98,53	782,87 €
Ourense. Auditorio Municipal	22	226,18	684,50 €
Pontevedra	25	246,68	530,86 €
Redondela	10	192	437,10 €
Ribadavia	6	94,83	195,75 €
Ribadeo	17	124,24	220,12 €
Sada	8	41,63	132,94 €
San Sadurniño	8	57,13	117,19 €
Santiago de Compostela	26	115,92	480,69 €
Sanxenxo	8	165,25	463,50 €
Tui	13	269,69	806,23 €
Vigo. CC Caixanova	12	254,08	1.132,61 €
Vilagarcía de Arousa	13	114,23	242,46 €
Viveiro	8	166,75	411,00 €

TOTAIS RGTA

(ATÉ NOVEMBRO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	512	574	676	612
Público	85.112	70.578	97.363	89.766
Ocupación	49,94%	32,91%	37,90%	36,75%
Facturado	191.750,70 €	215.799,31 €	318.748,74 €	298.270,00 €

[continúa na páx. seguinte]

REXISTRO DE DATOS NOVEMBRO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	28	56,71	189,30 €
Sala Nasa (Santiago)	39	32,74	131,91 €
Sala Santart (Santiago)	28	18,36	73,89 €
Sala The Star (Carral)	13	42,62	126,69 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	32	12,22	95,63 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	54	36,63	137,11 €
Teatro Ensalle (Vigo)	36	23,94	164,64 €

TOTAIS RGS (ATÉ NOVEMBRO)	2007	2008	2009
Funcións	124	172	230
Público	3.904	4.708	7.164
Ocupación	38,69%	44,37%	42,54%
Facturado	19.909,00 €	22.608,00 €	30.552,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	5	58,00	183,40 €
7 Puertas	8	77,25	224,38 €
A Tuna Rastafari	11	79,45	289,45 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	5	41,80	183,20 €
Aid	4	49,25	152,25 €
Alberto Pérez	4	47,50	246,75 €
Alejandra Burgos	5	45,20	115,80 €
Aló Django	8	64,50	227,75 €
Álvaro Muras	8	24,88	58,38 €
Anger	5	48,20	129,00 €
Aphonníc	4	50,75	221,50 €
Ataque Escampe	4	36,00	129,00 €
Balakandra	4	28,75	53,75 €
Baldosa Amarilla	7	59,43	132,71 €
Banda Potemkin	6	66,67	193,17 €
Batusi	5	32,80	110,40 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	6	54,50	161,17 €
Bruno T. Ford	10	37,30	113,40 €
Bukowski Blues Trío?	5	44,20	137,00 €
Carlos Childe Troupe	5	35,60	152,00 €
Chamito el Flako	5	49,60	102,60 €
Con Cierito Swing	4	38,00	124,50 €
Cooltrain Band	6	32,67	84,33 €
Cornelius	16	65,63	233,06 €
Coyote Express	5	36,60	118,20 €
Creole Kings	5	46,40	154,80 €
Dandy Fever	7	68,29	174,86 €
Debuxos Reanimados	4	58,00	193,50 €
Deva	7	46,86	113,43 €
Doctor Harapos	4	49,50	132,25 €
Ectoplasma	8	62,25	211,50 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Cubo	3	61,67	195,83 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	5	28,60	125,20 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	9	54,00	156,33 €

Fainoti	4	45,25	189,50 €
Felix Arias	6	22,00	70,67 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trío	8	62,00	259,63 €
Guezos	5	48,80	94,20 €
Guru Deva	7	57,29	152,43 €
Harry Navisson Band	5	25,60	67,20 €
Héctor Lorenzo	8	31,13	71,88 €
Hendrik Röver & Los Esqueletos	5	62,80	209,60 €
Holywater	6	101,67	401,33 €
Javier Constenla "Improvia"	6	27,50	96,33 €
Javier Pereiro Quartet	5	34,00	181,00 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	4	144,75	563,90 €
Lisandro Aristimuño	4	51,75	216,00 €
Little Albert Boogie Band	4	39,00	111,00 €
Los Eternos	7	50,71	161,57 €
Los Marcianos	6	29,50	76,67 €
Los Mecánicos	10	47,40	106,10 €
Lucía Martínez Cuarteto	4	44,00	184,50 €
M3 - Monkeymeetsmusic	5	48,00	167,60 €
Magín Blanco & Burgas Beat	5	43,00	93,00 €
Meu	8	76,88	251,50 €
Michel Gonzalez Band	3	44,33	120,00 €
Microguagua	6	45,67	149,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	7	55,71	167,14 €
Misquious	7	30,71	73,43 €
Moon Cresta	7	33,43	131,43 €
Moondogs Blues Party	6	46,67	186,17 €
Mr. Whiz	4	42,25	159,25 €
Niño y Pistola	8	50,75	169,63 €
O Sonoro Maxín	9	68,33	249,67 €
Os Trasnós de Moscoso	4	36,25	51,75 €
Overlook	4	58,00	265,25 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	6	32,50	121,67 €
Phantom Club	5	72,60	259,60 €
Por Placer	6	71,00	213,67 €
Preachers Of Rock And Roll	5	34,20	121,60 €
Rockers Go To Hell	4	49,50	148,00 €
Ruso Negro Dúo	5	45,00	119,80 €
Samesugas	4	39,25	145,50 €
Samuel Levi	4	24,00	40,25 €
Sevigny	11	47,27	176,00 €
Snatch	5	52,40	80,20 €
Sojazz	8	33,88	81,50 €
Som do Galpom	8	37,13	120,75 €
Stereotipos	5	91,60	302,80 €
Sugar Mountain	12	52,58	175,17 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	6	38,33	109,17 €
Tangazz Trío	4	21,25	75,75 €
The 38beats	6	43,50	113,50 €
The Blows	6	87,50	299,83 €
The Fishfuckers	6	46,00	164,33 €
The Homens	5	63,00	248,20 €
The Sweat	7	35,29	91,14 €
Transilvanians	8	59,00	236,63 €
Tumbling Dice	6	27,33	60,67 €
Victor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	4	60,75	261,75 €
Woden	6	51,33	121,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	14	65,57	133,00 €
A Regueifa (Ponteareas)	17	60,82	165,06 €
Ache (Marín)	10	37,3	247,20 €
Aturuxo (Bueu)	17	63,76	296,82 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	23	47,17	128,77 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	9	38,11	120,56 €
Bar Liceum (O Porriño)	13	79,85	306,81 €
Bar Patos (Nigrán)	8	27,75	101,75 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	14	61,21	183,64 €
Borriquita de Belém (Santiago)	10	45,1	100,20 €
Café Concerto Antano (Outes)	9	43,44	109,00 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	8	67,5	198,25 €
Casa das Crechas (Santiago)	9	49,78	128,44 €
Catro Camiños (A Rúa)	12	43,17	18,83 €
Clandestino (Nigrán)	15	37,4	118,07 €
Clavicémbalo (Lugo)	23	51,35	207,91 €
Contrabajo (Vigo)	26	35,15	150,00 €
El Ensanche (Vigo)	14	51,14	153,43 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	6	81,67	205,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	25	37,24	142,40 €
Jazz Filloa (A Coruña)	6	36,5	182,50 €
Jazz Vides (A Coruña)	26	37,5	141,31 €
La Casa de Arriba (Vigo)	11	25,27	125,27 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	26	45,88	173,73 €
La Galeríajazz (Vigo)	7	20,57	92,86 €
La Iguana Club (Vigo)	14	70,43	293,00 €
Marrucho (Baiona)	17	34,06	82,41 €
Náutico (O Grove)	16	77,31	231,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	11	54,64	133,45 €
Planeta (Sarria)	9	60,89	191,22 €
Pub o Muíño (Cervo)	13	49,85	110,15 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	20	50,05	131,70 €
Pub Gatos (Melide)	15	47,07	127,00 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	14	37,79	57,21 €
Sala 600 (Melide)	12	65,83	256,58 €
Sala Karma (Pontevedra)	14	85,07	394,00 €
Sala Run Rum (Ferrol)	17	53,59	215,59 €
Salason (Langas de Morrazo)	14	46,64	174,50 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	9	54,44	151,11 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	13	28,69	87,46 €

TOTAIS RGMV

(ATÉ NOVEMBRO)	2007	2008	2009
CONCERTOS	745	593	579
PÚBLICO	34.671	29.156	29.299
OCUPACIÓN	35,49%	36,73%	40,07%
FACTURADO	87.368,00 €	86.427,50 €	96.616,10 €